

Si é que o poema é só un nimbo de lus/ que os ollos cegos pónlles ás cousas/ soñadas, ou amadas nas tebras.

Xosé M^a Díaz Castro,
Nimbos

Hai unha cousa clara coma o sol:/ prós nosos ollos no esta feita a lus/ do mundo, ó abrente frío que se abreu/ cando abrimos os ollos sobre o mundo.

Xosé M^a Díaz Castro,
Nimbos

HERBA pequerechiña/ que con medo sorrís/ ó sol que vai nacemento/ e morrendo sen ti,/ ? por que de ser pequena/ te me avergonzas ti?/ O Universo sería/ máis pequeno sin ti!

Xosé M^a Díaz Castro,
Nimbos

A Noite é necesaria/ pra que ti poidas ver/ sobre o medo i o mal/ as estrelas arder.

Xosé M^a Díaz Castro,
Nimbos

Un paso adiante e outro atrás, Galiza,/ e a tea dos teus soños non se move./ A esperanza nos teus ollos se espreguiza./ Aran os bois e chove.

Xosé M^a Díaz Castro,
Nimbos

NON SEI por que me deron esta mañá vidrada/ chea de alas de pombas./ Foi, se cadra, un grande anxo esquencido que tivo/ dó destes ollos cansos.

Xosé M^a Díaz
Castro, Nimbos

Poemas musicados, cancións dedicadas e curtametraxes
“Esa lus, unha canción para Díaz Castro”:

http://youtu.be/pB_CqdDlbgU

“Con Díaz Castro”:

<http://youtu.be/jEGuWWLDZ9Q>

“Esmeralda”:

<http://youtu.be/EHfA2ypsYTg>

Penélope:

<http://youtu.be/iuyRfyWPKRo>

Para saber máis:

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>

http://www.xunta.es/linguagalega/xose_maria_diaz_castro

“A lus do mundo é a que arde nunha bágoa”

**O poeta dos nimbos de luz
Folliña literaria da Biblioteca e o EDLG
CPI de San Sadurniño
Xosé María Díaz Castro (Os Vilares,
Guitiriz, 1914 – Lugo, 1990)**